

# Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

**Data:** 24 de xaneiro de 2017

**Hora:** 12:00

**Lugar:** Sala de Xuntas 3.1

## **Asistentes:**

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M<sup>a</sup> Isabel Reyero

**Invitada:** Ana Rodríguez Otero – Secretaria Administrativa do Departamento de Electrónica e Computación

## **Puntos a tratar:**

1. Aprobación dos Informes de Seguimento dos títulos.
2. Execución do Plan Executivo de Calidade.

### **1. Aprobación dos Informes de Seguimento dos títulos.**

O Director aclara que o prazo para remitir os informes remata o día 31 de xaneiro, mais o feito que todos os Informes de Seguimento foran xa aprobados nas respectivas Comisións de Titulación fai posible anticiparse lixeiramente. Dáse paso aos coordinadores para que brevemente poidan referir os aspectos máis relevantes da elaboración dos informes.

O Coordinador do Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) límitase a indicar que, de acordo co Plan Executivo de Calidade (PEC), moitas das Accións de Mellora son froito, no seu caso, das reunións programadas cos grupos de interese. Entende de que a difusión que fixo do documento aprobado a través do Campus Virtual axústase ao previsto polo PEC.

O Coordinador do Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) sinala que para este título o Plan de Melloras viu drasticamente reducido o número de accións dende as trinta do Informe de Seguimento precedente ata as doce actuais. Cinco das accións recollen aspectos baixo control directo da Comisión da Titulación e seis das sete restantes son comúns ao Máster en Enxeñaría Ambiental (MEnA).

A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos (MEQBio) expón que o seu número de accións pasou de once a nove. Ten xa convocada para o próximo venres a reunión cos profesores destinada a darlle a necesaria difusión ao Informe.

O Coordinador do Máster en Big Data (MBD) destaca que, por tratarse do primeiro Plan de Melloras da titulación, se orixinaron só cinco accións orientadas á coordinación entre materias, a participación dos estudantes nas enquisas ou o equilibrio de matrícula coa Universidade de Murcia.

Para rematar a rolda, o coordinador do MEnA indica que non ten nada importante que engadir.

O Director aclara que o prazo restante ata o día 31 será aproveitado para consultar coa ACMP da USC aspectos menores relativos ao empaquetado dos arquivos xurdidos dunha conversa que tivo o coordinador do GrEI con Pilar Martínez (Xefa da ACMP). Apróbanse todos os Informes de Seguimento por asentimento.

## **2. Execución do Plan Executivo de Calidade.**

O obxecto deste punto da reunión é deixar constancia do traballo feito ata o momento e do que fica por completar no segundo semestre.

Empezando polas enquisas, o Director resalta que, excepto no caso do Máster en Big Data, foi executado o cuestionario dirixido aos estudantes de nova incorporación e os seus resultados xa foron analizados. A enquisa de carga de traballo foi executada pero os resultados están pendentes de procesamento. O cuestionario de inserción laboral foi sometido a unha revisión na que participaron os Coordinadores do MEnA, do MEQBio e o MBD e estará implementado na aplicación en febreiro ou marzo. Por último, a enquisa de competencias será activada a final de curso.

En canto á información pública na web, fica pendente a difusión de actas da Comisión Permanente, o arranxo dos enlaces que están rotos, a actualización da composición de algunhas comisións e a publicación dos novos Informes de Seguimento no apartado de Calidade.

No que respecta ao seguimento das Accións de Mellora, o Director explica que, debido aos cambios anteriormente acontecidos no calendario de seguimento, no canto de expor a situación no mes de febreiro o faremos en maio. Incide en que se debe adoptar a dinámica de incorporar as evidencias na aplicación AASX cada vez que se faga algo con respecto ás Accións de Mellora, xa que facer unha pequena revisión unha vez ao mes fai moito máis cómodo o remate dos Informes de Seguimento. No relativo ao seguimento a nivel de Centro, o Director enviará aos membros da Comisión a Programación Plurianual para que poidan achegar as súas contribucións.

A continuación dáse paso a unha rolda de comprobación do desenvolvemento das reunións previstas no PEC. Constátase que tiveron lugar as reunións co Comité Externo tanto no GrEQ (antes do fin do anterior curso) como no GrEI (no mes de outubro). No primeiro caso cabe destacar a incorporación de dúas novas empresas e no segundo que está prevista unha nova xuntanza para o mes de febreiro a partir da cal está previsto dispoñer da participación do Colexio Profesional. Confírmase tamén a celebración das xuntanzas previstas con profesores e estudantes e, no caso dos títulos de Máster, os coordinadores comunican que se están a facer nestes días as reunións semestrais. En canto ás reunións de presentación do Informe de Seguimento, o Director asume o adiamento provocado polas modificación sufridas polo calendario de seguimento. En resposta ao expresado polo Coordinador do GrEQ no primeiro punto da reunión, o Director do GrEQ expresa que importa menos o formato elixido que o feito de darlle difusión efectiva aos Informes de Seguimento deixando constancia disto no eido da Comisión da Titulación.

Respecto ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), o Director transmite a necesidade de darlle un novo pulo. Lembra que para os meses de marzo, abril e maio xa estaba programado o traballo de revisión de dous procesos: o PC-04 de Planificación das Ensinanzas (PDA, horarios, POD e programacións, só nos aspectos que afecten ao centro), o cal terá como ponentes á Xestora e ao Secretario Académico da ETSE; e o PC-11 de Avaliación da Aprendizaxe, encabezado polos coordinadores de Grao.

Para rematar este punto, verifícase a execución de outras actividades previstas polo PEC: Presentación de Prácticas Externas, Foro de Empresas, Charlas Informativas sobre Mobilidade, Presentación de TFG/TFM, Programa de Titorías Personalizadas, Benvida a Estudantes de Nova Incorporación e Reunións dos Coordinadores de Curso cos Estudantes (as cales precisan deixar evidencia no seno das Comisións de Titulación).

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:00 h.